



Concello de Vigo

D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **30 de decembro de 2016 (2)**, adoptou o seguinte acordo:

21.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 19/06/15, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELEIROS-DELEGADOS. EXPTE. 74/1102.

Dáse conta da Proposta de Alcaldía de data 30/12/16:

“Examinadas a proposta do concelleiro-delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, así como as solicitudes de rectificación remitidas dende a área de RR HH e Formación (27/12/16), ambas de modificación do réxime de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015 (Expte. 74/1102) e, vista a conveniencia de impulsar o cumprimento dos principios de eficacia, eficiencia e axilidade na xestión pública no Concello de Vigo, de conformidade coa Resolución de data 29/06/2016, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica relativo a distintas modificacións na Área de Fomento, Limpeza e Contratación, así como na Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración electrónica, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal ostenta esta Alcaldía -art. 124.4 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, formulo á **Xunta de Goberno Local** a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de delegación de competencias nos Concelleiros Delegados de data 19 de xuño de 2015, coas súas modificacións, incluíndo o seguinte contido:

- a) Modificar o apartado **V.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DE XESTIÓN MUNICIPAL, PERSOAL, PATRIMONIO E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA**, incluíndo a Delegación das competencias relativas á aprobación dos devengos retributivos derivados dos supostos de encomendas de funcións, acumulacións de tarefas, acumulación temporal de postos de traballo, produtividade e gratificacións por servizos especiais e extraordinarios, nocturnidade e festividade, nos termos do disposto nos actos administrativos de autorización ou aprobación dos ditos conceptos.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 14/03/2017 09:17	Páxina 1 de 2
Expediente 74/1102	Código de verificación: 24ED4-A253D-3BD5A-344B5	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

b) Modificar o apartado **VII.-NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE FOMENTO, LIMPEZA E CONTRATACIÓN**, incluíndo a Delegación das competencias relativas á aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos; aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo; aprobación do Plan de Calidade; nomenamento da Dirección Facultativa da Obra e nomeamento do Coordinador de seguridade e saúde da obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puidieran ter a consideración de mera execución do contrato.

Segundo.- Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de delegación de competencias nos Concelleiros Delegados, de data 19 de xuño de 2015, coas súas modificacións, incluíndo a determinación de que:

A Xunta de Goberno Local exercerá o control sobre o desenvolvemento e execución das competencias delegadas mediante a solicitude de informe cando o consideren axeitado baixo os parámetros que no marco da súa potestade de autoorganización determine.

Terceiro.- Notificar este acordo aos concelleiros das áreas afectadas e comunicalo aos responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para xeral coñecemento e efectos, mediante a súa inserción na Intranet municipal.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no BOP, na sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Quinto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación ao abeiro do art. 38 do RD 2568/1986."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a precedente proposta de Alcaldía de data 30/12/16.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/rs.

V. e Pr.

O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/03/2017 09:17

Páxina 2 de 2

Expediente 74/1102

Código de verificación: 24ED4-A253D-3BD5A-344B5

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>